

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

5 de febreiro de 2026

Duración:

Desde as 20:37 ata as 22:49

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
[REDACTED]	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	NON
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	NON
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VALENTÍN TORRADO BLANCO (informático)	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 8 DE XANEIRO DE 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 8 de xaneiro de 2026, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 201/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DAS PONTES DE LIÑARES E DE PARADELA

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 14 de xaneiro de 2026 polo grupo municipal do BNG, a cal se transcribe literalmente de seguido:





“Un dos piares fundamentais da identidade dos pobos é o seu patrimonio histórico-artístico.

Representa a historia, o sentido de pertenza e a singularidade dunha sociedade concreta ao longo do tempo, algo que cobra aínda máis importancia dentro dun mundo e un sistema que aplican a globalización como unha ferramenta propositada de aculturación, debilitando así a nosa propia identidade e autovalorización.

É por isto que o patrimonio cultural está protexido por lei, e no artigo 1.1 do título preliminar da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, establécese que os bens que o integran serven “... como ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras”.

Os dous monumentos que motivan esta moción, a ponte de Liñares e a de Paradela, son dous bens patrimoniais importantes do noso concello, e como ben recolle a Lei, non somos os seus propietarios, senón os seus custodios, e como tales é a nosa obriga protexelos e preservalos, algo que non se está facendo. A ponte de Liñares está en grave perigo de derrube e a de Paradela corre o mesmo perigo en caso de que non se faga nada. Por iso, e acolléndonos ao anteriormente exposto e ao artigo 3.2 apartado a), no que se recolle que as entidades da Administración Local teñen a obriga de “protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1. Adicar unha partida orzamentaria para a rehabilitación da ponte de Liñares e da ponte de Paradela.*
- 2. Incuílos dentro dun plan de mantemento do patrimonio local.*
- 3. Sinalización das dúas pontes para que a cidadanía se poida achegar ao seu disfrute sen problema.”*

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes na sesión celebrada o 21 de xaneiro de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- O Concello comprométese a buscar financiamento para a rehabilitación da Ponte de Liñares.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda á rehabilitación da Ponte de Paradela.



Terceiro.- Sinalizar as dúas Pontes para que a cidadanía poida achegarse ao seu disfrute sen problema.

Expediente 198/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCTORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o escrito remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública no que indica que, con data 9 de febreiro de 2018, asinou o Convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello da Estrada, o cal foi obxecto de prórroga o 2 de febreiro de 2022, estando, polo tanto, próximo o seu vencemento.

Visto que, de acordo co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, non resulta admisible unha nova prórroga.

Visto o interese do Concello da Estrada de asinar un novo Convenio para o mesmo fin.

Vista a proposta de resolución PR/2026/49 de 15 de xaneiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado o 21 de xaneiro de 2026 pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Aprobar a solicitude de adhesión do Concello da Estrada ao novo convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local.



Expediente 198/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SINATURA DE CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o escrito remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública no que indica que, con data 9 de febreiro de 2018, asinouse o convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello da Estrada, o cal foi obxecto de prórroga o 2 de febreiro de 2022, estando, polo tanto, próximo o seu vencemento.

Visto que, de acordo co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, non resulta admisible unha nova prórroga.

Visto que, nesta mesma sesión, proponse aprobar a solicitude de adhesión do Concello da Estrada ao novo Convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local.

Visto que, no devandito escrito, a Academia Galega de Seguridade Pública informa que, debido a que está próxima a data de vencemento do Convenio en vigor, é necesario aprobar un novo, a estes efectos remite o borrador do mesmo, sendo necesario a súa aprobación o máis pronto posible.

Visto que resulta de interese para este Concello delegar as competencias neste eido polo tempo que se establece no borrador do reiterado Convenio.

Vista a Providencia emitida polo concelleiro delegado de Organización con data 21 de xaneiro de 2026.

Visto o informe da secretaria municipal de data 21 de xaneiro de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/80 de 21 de xaneiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado o 21 de xaneiro de 2026 pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.





Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello da Estrada, para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas do corpo da Policía Local.

Segundo.- Facultar ao alcalde para a sinatura do nomeado convenio e realizar todos os trámites necesarios para a execución do mesmo.

Expediente 6913/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2026	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Confeccionado o proxecto de Orzamento do Concello da Estrada para o exercicio 2026, comprensivo, tanto dos estados de gastos e ingresos, como da documentación complementaria a que fan referencia os artigos 165 e ss do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 23 de xaneiro de 2026, a efectos de emisión de informes pola Intervención e a Secretaría municipais.

Vistos os informes da interventora e a secretaria deste Concello asinados o 23 de xaneiro de 2026, ambos os dous.

Vistos os pronunciamentos da Mesa Local de Comercio e do Consello Económico e Social, adoptados nas súas sesións de 28 de xaneiro de 2026.

Visto o resto da documentación que consta no expediente.

Vista a proposta de resolución PR/2026/110 de 23 de xaneiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2026.





Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP e en contra dos dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Aprobar o proxecto de Orzamento para o exercicio 2026, segundo estados de gastos e ingresos e documentación anexa, e cuxo resumen por capítulos é o que de seguido se indica:

ESTADO INGRESOS

DENOMINACIÓN IMPORTE

CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS 5.028.000,00
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS 600.000,00
CAPÍTULO 3 TAXAS E OUTROS ING. 2.885.438,00
CAPÍTULO 4 TRANSF. CORRENTES 10.089.173,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS 92.175,00
TOTAL CORRENTES 18.694.786,00
CAPÍTULO 6 ENAXENACIÓN INV. REAIS 18,00
CAPÍTULO 7 TRANSF. DE CAPITAL 96,00
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS 15.000,00
CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS 746.100,00
TOTAL CAPITAL 761.214,00
TOTAL INGRESOS 19.456.000,00

ESTADO GASTOS

DENOMINACIÓN IMPORTE

CAPÍTULO 1 GASTOS PERSOAL 7.291.777,30
CAPÍTULO 2 COMPRA BENS CTES E SV 9.151.309,25
CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS 127.089,65
CAPÍTULO 4 TRANSF. CORRENTES 935.074,00
TOTAL CORRENTES 17.505.250,20
CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS 1.030.400,00
CAPÍTULO 7 TRANSF. DE CAPITAL 158.024,00





CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS 15.000,00

CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS 747.325,80

TOTAL CAPITAL 1.950.749,80

TOTAL GASTOS 19.456.000,00

FÓRA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO DO BNG POLA QUE PROPÓN O REXEITAMENTO AO ACORDO MERCOSUR-UE

Rexeitada a urxencia	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 13, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Vista moción de urxencia presentada con data 3 de febreiro de 2026 polo grupo do BNG pola que propón instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central para o rexeitamento ao acordo MERCOSUR - UE, entre outros, xustificando a súa urxencia para ser tratada fóra da orde do día desta sesión do seguinte xeito:

“O Grupo Municipal do BNG presenta esta moción por vía de urxencia atendendo á situación de desinformación ante o acordo Mercosur, que foi asinado o 17 de xaneiro e que se prevé sexa aprobado próximamente, cos votos favorables de PP e PSOE, co terrible risco que isto supón para o noso sector gandeiro, especialmente nun Concello coma o noso. É por iso que ante a posibilidade de que unha cuestión tan importante para os e as nosas veciñas se pase por alto, é preciso debatela no pleno, para así informar aos veciños da situación da maneira máis imparcial posible e facer todo o que estea nas nosas mans para opoñernos á decisión dos dous partidos maioritarios, así como para informar aos veciños e veciñas do risco que isto pode traer consigo.”

Deliberado sobre a urxencia desta moción, esta é rexeitada polos votos en contra do grupo do PP e a favor dos dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), debéndose tratar na Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 3598/2023. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2026-0082, DE 23 DE XANEIRO, DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA.





Visto que, con data 23 de xaneiro de 2026, ditouse o Decreto da Alcaldía nº 2026-0082, polo que se delegan na Xunta de Goberno Local as atribucións que lle corresponden orixinariamente á Alcaldía, deixando sen efecto a resolución anteriormente en vigor.

Vista a proposta de resolución PR/2026/107 de 23 de xaneiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía nº 2026-0082, de 23 de xaneiro, e que se transcribe de seguido:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que, con data 19 de xuño de 2023, ditouse o Decreto da Alcaldía nº 2023-0847, posteriormente modificado polo Decreto da Alcaldía 2023-0854, de 20 de xuño, polo que se delegaban na Xunta de Goberno Local as atribucións que lle correspondían orixinariamente á Alcaldía en determinadas materias.

Vista a conveniencia por razóns organizativas de redactar unha nova resolución da delegación das nomeadas competencias.

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que lle corresponde a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o Alcalde e outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Visto o sinalado no artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto o sinalado nos artigos 43 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 23 de xaneiro de 2026.

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía nº 2023-0854, de 20 de xuño, de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que lle corresponden orixinariamente á Alcaldía nas seguintes materias:

EN MATERIA DE FACENDA:

- Aprobación, disposición, recoñecemento de obrigas e ordes de pago de gastos superiores a 3.000,00 euros (non se inclúen na delegación a amortización e intereses dos préstamos, nóminas e seguros sociais, anticipos de persoal,*



anuncios no BOP e no DOGA, así como os pagos a xustificar).

- Acordos relativos a exencións, beneficios fiscais, anulación de liquidacións e devolución de ingresos indebidos ou recoñecemento de non suxeición, e devolución de avais e fianzas.*
- Aprobación de padróns en materia de ingresos.*

EN MATERIA DE URBANISMO E ACTIVIDADES:

- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- O outorgamento de licenzas urbanísticas e licenzas de actividade, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno da Corporación.*

EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:

- As competencias como órgano de contratación, a excepción dos contratos menores, respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

EN MATERIA DE PATRIMONIO:

- A celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu importe non supere nin a porcentaxe nin a contía indicadas.*
- Altas e baixas no Inventario de Bens municipal.*

EN MATERIA DE SUBVENCiónS:

A aprobación das bases e convenios, concesións, recoñecemento de obriga, aprobación da conta xustificativa e pago de subvencións (exclúese da delegación a aprobación da conta xustificativa das subvencións prepagables)

EN MATERIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN:

- A aprobación dos convenios de colaboración polos que o Concello adquira un compromiso de gasto por importe superior a 15.000 euros.*





ASÍ MESMO:

- *Informes a solicitude doutras Administracións.*

Segundo.- As delegacións feitas a través deste Decreto, e de conformidade coa doutrina xurisprudencial (Sentenza do Tribunal Supremo de 2 de xuño de 2003), abranguen tamén a competencia para a resolución dos recursos de reposición (incluíndo o previsto no artigo 14 do RD Legislativo 2/2004) que puideran interpoñerse fronte aos acordos da Xunta de Goberno Local ditados en exercicio das competencias delegadas por esta Alcaldía.

Terceiro.- Queda expresamente derogada calquera Resolución feita con anterioridade que teña por obxecto o réxime da Xunta de Goberno Local previsto na presente.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.”

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Expediente 3619/2023. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2026-083, DE 23 DE XANEIRO, DE DESIGNACIÓN DE ÁREAS A CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS E DELEGACIÓN DE FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DE CADA UNHA DELAS.

Visto que, con data 23 de xaneiro de 2026, emitíuse o Decreto da Alcaldía n.º 2026-0083, de designación de áreas aos concelleiros e concelleiras e delegación de facultades de dirección e xestión interna de cada unha delas, deixando sen efecto o anteriormente en vigor.

Vista a proposta de resolución PR/2026/106 de 23 de xaneiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía n.º 2026-0083, de 23 de xaneiro, o cal se transcribe de seguido:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0806, de 20 de maio, polo que se designan aos concelleiros e concelleiras as diferentes áreas de goberno, asumindo as delegacións





xenéricas, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, tralo Pleno de Organización celebrado de o 23 de xuño de 2023.

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024 foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia ao cargo e cese como concelleiro da lista do Partido Popular.

Vista a necesidade de redactar unha nova resolución para modificar as atribucións e delegacións asumidas polos concelleiros e concelleiras desta corporación.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 23 de xaneiro de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía nº 2024-0806, de 20 de maio.

Segundo.- Designar aos concelleiros e concelleiras que se detallan a continuación as áreas expostas, os que asumirán as delegacións xenéricas que de seguido se expoñen, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, sen comportar facultades resolutorias mediante actos administrativos que afecten a terceiros, reservándose a Alcaldía á área de Rural, Obras e Fondos Europeos:

- D. Alberto Manuel Blanco Carracedo: Áreas de Facenda, Organización e Funcionamento, así como a de Persoal.*
- Dna. Amalia Goldar Cora: Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación, así como a de Urbanismo.*
- D. Miguel Óscar Rancaño Brañanova: Áreas de Sanidade, Turismo e Relacións Institucionais.*
- Dna. María de los Ángeles Pais Carbia: Áreas de Desenvolvemento Rural e Actividade Agrogandeira.*
- D. José Ismael Pena Villamor: Áreas de Deportes e Participación Cidadá.*
- D. Óscar Alejandro Durán Barros: Áreas de Promoción Económica, Comercio e Mercados, así como Parques e Xardíns e Servizos municipais.*
- Dna. Lucía Seoane Rosende: Áreas de Cultura, Lingua, Xuventude, Emprego e Apoio ao Rural.*
- D. Manuel Magariños Maceiras: Áreas de Novas Tecnoloxías, Conectividade e Reto Demográfico e Vivenda.*
- Dna. María del Carmen Durán Lea: Áreas de Medio Ambiente e Asociacionismo Rural.*
- D. Alfonso Figueiras Rey: Áreas de Apoio a Promoción Económica e Emprendemento.*
- Dna. Jessica Rodríguez Calviño: Área de Apoio a Cultura.*

Terceiro.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos/das designados/as en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou





comecen a exercer a delegación.

Cuarto.- Delegar no Concelleiro Delegado de Facenda a sinatura de todos os documentos contables e o pago material de calquera gasto.

Concédesse a delegación da sinatura desta Alcaldía-Presidencia, aos efectos de outorgar o “Visto e Prace” á sinatura da Sra. Secretaria, ou funcionario/a delegado/a por esta, nos seguintes casos:

a) Na persoa dos concelleiros e concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Óscar Alejandro Durán Barros, para as certificacións de residencia, empadramento e calquera outras de trámite.

b) Na persoa dos concelleiros e concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Óscar Alejandro Durán Barros, para os asuntos de trámite e ordenación das súas respectivas concellarías.

Quinto.- Os conflitos de competencias que puidesen suscitar no exercicio das respectivas delegacións, serán resoltas pola Alcaldía-Presidencia.

Sexto.- Delegar en todos/as e cada un/ha nos Sres/as Concelleiros/as, de forma indistinta, as facultades desta Alcaldía que veñen previstas no Código Civil e nas demais normas concordantes de aplicación, para autorizar, coas formas e procedementos legais, e na súa presenza, a celebración de matrimonios civís.

Sétimo.- As delegacións xenéricas e específicas asignadas, producirán efectos desde o día da sinatura desta resolución, con independencia da súa notificación aos interesados e interesadas; sen prexuízo da súa correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Oitavo.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados e designadas, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.”

A Corporación en Pleno queda sabedora

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS O 30 DE DECEMBRO DE 2025

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados o 30 de decembro de 2025, que van dende o número 2025-2116 ao número 2025-2141 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 2 AO 30 DE XANEIRO DE 2026.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados do 2 ao 30 de xaneiro de 2026, que van dende o número 2026-0001 ao número 2026-0109 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dña. María Dolores Servide Loureiro (DNI [REDACTED])
- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e corenta e nove minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/gl/2026/02/09/pleno-concello-de-a-estrada-5-de-febreiro-2026/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

957708BE9B0F754358681AAF49D4D53DC777432E1E7C9BDAB3340AA4E18B4023





Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 49YFZKSQJXEAK3QJEA6T9ZTW
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

